


Interreg
España - Portugal
Fondo Europeo de Desarrollo Regional
Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional

UNIÓN EUROPEA
UNIÃO EUROPEIA

EIXO ATLÂNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR

30 ANOS DO SISTEMA URBANO

30 ANOS

EIXO ATLÂNTICO

1992-2022

EIXO ATLÂNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR



**PORTADA:** 2.º Premio. Mellor Obra Galega
LEONARDO RIAL OTERO (Cangas, 1953).
Sen título, 2008. Técnica mixta sobre papel / 117 x 91 cm
pertencente á VIII Bienal de Pintura do Eixo Atlántico

Editorial:
Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

Director: Xoán Vázquez Mao

Autor: Xoán Vázquez Mao

Coordinación: Chus Torres

Tradución:Globalingua Translatión, S.L

Maquetaxe: Antía Barba Mariño

Impresión:
Tórculo Comunicación Gráfica S.A.

Depósito legal:
VG 59-2022

ISBN:
Impreso: 978-989-9060-43-2
Dixital: 978-989-9060-44-9

Esta publicación foi cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER a través do programa Interreg V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020. As opinións son de exclusiva responsabilidade do autor que as emite.

# ÍNDICE


INTRODUCIÓN ........ 04

HISTORIA ........ 05

FITOS DE REFERENCIA ........ 26

- Redes ........ 28
  - RIET ........ 29
  - Redes Europeas ........ 34
- Infraestruturas ........ 37
  - Viarias ........ 37
  - Tren (Vigo-O Porto) ........ 39
  - Tren, corredor do Atlántico ........ 44
  - Porto seco de Monforte ........ 47
  - Roaming ........ 50
  - Camiño de Santiago ........ 51

PROGRAMAS DE ACTUACIÓN ........ 52

- Eixo do coñecemento ........ 53
  - Estudos ........ 53
  - Congresos ........ 58
  - Axenda Urbana ........ 62
  - Axencia de Ecoloxía ........ 68
  - SIE ........ 69
- Deportes sen fronteiras ........ 72
  - Xogos ........ 72
  - Torneos ........ 80
- Construíndo a eurorrexión do futuro ........ 83
  - Bienal de Pintura ........ 83
  - Capital da Cultura ........ 90
  - Educación ........ 95
- Turismo
  - Dous países, un destino ........ 100
    - Expocidades ........ 101
    - Turismo de fronteiras ........ 105
    - Guías ........ 107

TECENDO O FUTURO ........ 109

- Espazos urbanos do Eixo Atlántico ........ 110
- Comunicación. Eixo en Aberto ........ 114
  - Web e Twitter ........ 114
  - Programas de radio e televisión ........ 115
  - Campañas de promoción de publicacións ........ 117
  - Seminarios de formación para xornalistas ........ 119
  - Foros ........ 121
- Medallas do Eixo ........ 126
  - Internacionalización ........ 131
- A arte no Eixo Atlántico ........ 136
  - Gravado ........ 136
  - Cómic ........ 137
  - Carteis ........ 138
  - Pintura ........ 141
  - Escultura ........ 145
- Publicacións senlleiras ........ 149

PROGRAMAS QUE NON TIVERON CONTINUIDADE ........ 150

ESTRUTURA ........ 156

# Introdución

O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular configura o sistema urbano da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Creado o 28 de setembro de 1992 mediante o Tratado constitutivo de Viana do Castelo, baixo a presidencia do presidente da República de Portugal Dr. Mário Soares, constitúe tres décadas despois o único sistema urbano transfronteirizo organizado en toda a Unión Europea.

# Historia

Corrían os primeiros anos 90 e en Europa había líderes. E, entre eles, un érao de Europa: Jacques Delors. Felipe González, François Miterrand, Helmuth Kohl, Mário Soares... e así ata un longo e dificilmente repetible elenco. Todos eles europeístas convencidos. Nin sequera á menos europeísta de todos, Margaret Thatcher, a quen ninguén podía negar os seus dotes de liderado, se lle ocorrería xogar cun referendo sobre a saída do Reino Unido da Unión. O dito… eran outros tempos. E nese contexto, Jacques Delors, o máis convencidamente europeísta de todos e daquela presidente da Comisión Europea, lanza unha batería de medidas estratéxicas para construír unha Europa sólida e solidaria que creza sobre a base dos dereitos sociais, do respecto do medio ambiente e da aposta pola innovación. Son os tempos do famoso mantra «crecemento, competitividade e emprego». E tamén do documento Europa 2000, que recollía unha proposta para unha nova ordenación do territorio europeo en que aparecían por vez primeira vez figuras como as eurorrexións.

Neste contexto, Fernando Gomes, alcalde do Porto, lanza a idea de crear unha asociación transfronteiriza de cidades entre Galicia e o Norte de Portugal que co tempo acabe configurándose como o sistema urbano da eurorrexión nacente.



Dr. Mário Soares, presidente da República de Portugal na constitución do Eixo Atlántico. Viana do Castelo, 1992



Asemblea Xeral no Concello do Porto con motivo da proclamación do Porto como Patrimonio da Humanidade. 1997

E así, o 28 de setembro de 1992, asínase en Viana do Castelo o tratado constitutivo, co padroádego do Dr. Mário Soares, presidente da República de Portugal. Neste contexto, dúas figuras foron determinantes para o bo desenvolvemento do proxecto: Luís Braga da Cruz, daquela presidente da CCDR-N, e Manuel Fraga Iribarne, presidente da Xunta de Galicia, que viron con claridade e xenerosidade un proxecto no que crían firmemente.

En 1995, durante o primeiro mandato de Manuel Pérez, alcalde de Vigo, como presidente do Eixo Atlántico e de Fernando Gomes, alcalde do Porto, como vicepresidente, deséñanse as liñas que han configurar o Eixo Atlántico no futuro: achegar o Eixo á cidadanía mediante programas culturais e deportivos, con especial vocación cara aos segmentos máis novos da sociedade; abrir o debate á sociedade; e convertelo progresivamente nun think tank de coñecemento consagrado ás cuestións ligadas ao desenvolvemento local e rexional e á cooperación transfronteiriza. E, xaora, orientado á construción dun lobby en Europa que permita incidir na configuración das políticas de cooperación, nun momento en que Jacques Delors lidera un proxecto de construción europea participativo e ilusionante.

Así nacen os Xogos do Eixo Atlántico (os cales na súa última edición, en 2019, alcanzaron os 1800 participantes), a Bienal de Pintura ou o Premio de Narrativa. Normalízanse as reunións de alcaldes e créanse as Comisións Delegadas temáticas, integradas polos concelleiros de área de todos os municipios asociados. Realízase o primeiro Estudo Estratéxico do Eixo Atlántico, que dirixe o profesor António Figueredo, da Universidade do Porto, e que se debate no primeiro congreso do Eixo Atlántico, organizado en Vigo en 1996 coa participación de máis de 400 dirixentes sociais, políticos, económicos e académicos da eurorrexión. Por primeira vez en Europa, unha eurorrexión ten unha folla de ruta para a próxima década, realizada con rigor e debatida coa sociedade, nun exemplo claro e anticipativo do que a Comisión Europea definirá anos máis tarde como «gobernanza».




Primeiro Congreso do Eixo Atlántico. Vigo, 1996



Os alcaldes de Vigo e do Porto, presidente e vicepresidente do Eixo Atlántico, Manuel Pérez e Fernando Gomes, co presidente do Parlamento Europeo, José Maria Gil Robles. Bruxelas, 1998




Presentación do Eixo Atlántico en Bruxelas, co director xeral de Política Rexional Eneko Landaburu. 1998

O congreso de debate das propostas coa sociedade reúne en Vigo a dirixentes de todos os ámbitos da eurorrexión, e é inaugurado polo daquela ministro e posteriormente presidente do Goberno español, Mariano Rajoy. A clausura corre a cargo do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga. É neste congreso onde se crean e conceden por primeira vez as medallas do Eixo Atlántico, coas que se recoñece aquelas persoas ou institucións que realizan un traballo relevante en prol da cooperación e da construción da eurorrexión.

Durante o desenvolvemento do Estudo Estratéxico xorde un importante número de estudos e publicacións, que se han continuar no tempo, e que converteron o Eixo Atlántico na organización europea (e probablemente mundial) con maior volume de estudos, informes e publicacións en materia de cooperación transfronteiriza, con máis de 150 publicacións ata o día de hoxe. Nesta primeira etapa prodúcense algúns dos fitos que han marcar positivamente o devir do Eixo Atlántico nos anos vindeiros. A sintonía persoal entre Fernando Gomes e Manuel Pérez xera unha filosofía baseada no concepto de cidades competidoras por natureza, que cooperan por vontade política. Esta filosofía e a súa carismática xestión comportaron que fose o único presidente do Eixo reelecto nos 25 anos de vida da organización.



Fernando Gomes, presidente do EA co presidente do Goberno español, Felipe González. Madrid, 1994



Fernando Gomes, presidente do EA co primeiro ministro de Portugal, Cavaco Silva. Lisboa, 1994

É tamén nesta época cando o Eixo toma partido en favor das candidaturas de Guimarães e da Muralla de Lugo a Patrimonio da Humanidade, felizmente aprobadas, co argumento de que o que beneficia a un, beneficia a todos os que constituímos o sistema urbano da eurorrexión. Actos políticos de apoio a ambas as dúas candidaturas teñen lugar en Guimarães e en Lugo. Anos máis tarde repetirase o apoio nas candidaturas da Torre de Hércules na Coruña, do Bom Jesus en Braga e da Ribeira Sacra en Lugo.

Finalmente neste período, grazas á xestión política de Fernando Gomes co Goberno de António Guterres, finalízase a conexión da autoestrada do Atlántico coa A3 en Valença, co que se conectan por vez primeira Lisboa e A Coruña por autoestrada, no que constitúe o primeiro grande éxito político do Eixo Atlántico e o primeiro gran referente de cohesión territorial na eurorrexión. Máis tarde virían novas conexións na eurorrexión, concretamente entre Chaves e Verín, nunha conexión que une a provincia de Ourense e Lisboa por unha autoestrada interior.

Os anos posteriores reforzan o diálogo cos dirixentes gobernamentais de ambos os países. Unha vez conseguida a finalización da conexión por autoestrada entre Portugal e Galicia, o Eixo Atlántico céntrase no que xa irá para sempre indisociablemente unido ao nome do Eixo Atlántico: a defensa da modernización ferroviaria da liña Lisboa-A Coruña. Son os tempos da alta velocidade. É máis, son os tempos en que non existía máis opción que a alta velocidade. O Goberno portugués traballa a opción da T deitada, cun eixe vertical entre Lisboa e Vigo (ampliable ao chegar o AVE español, que inicialmente estaba proposto realizar en L, con entrada ata Vigo polo Miño e subida ata Ferrol) e unha saída transversal desde O Porto ata Salamanca e, desde alí, a Madrid, Barcelona e Francia, seguindo o futuro esquema da alta velocidade española.

A conexión internacional, chamada O Porto-Vigo naquel momento, deséñase en formato AVE/TGV entre Braga e Vigo. Namentres nada avanza do lado español, a pesar das numerosas promesas contidas no Plan Galicia —co que se intenta paliar a incompetencia que causou o desastre do Prestige—, o Goberno portugués desbloquea o proceso, en cumprimento do acordo ao que chega a Comisión Executiva do Eixo Atlántico co primeiro ministro António Guterres, con quen mantén unha reunión en Braga. É o comezo da estratexia ferroviaria do Eixo Atlántico, que ocupou os últimos 20 anos.

Pero como hai vida máis alá do tren, e este non pode entenderse sen unha visión global do territorio, elabórase o mapa das infraestruturas, documento que recolle todas as necesidades da eurorrexión para o seu desenvolvemento. É a primeira vez en Europa que todos os alcaldes elaboran, cunha participación moi activa, un documento conxunto no que reivindicando o de todos, reivindican o de cada un. Os localismos parecen relegados ao baúl da historia, do cal anos máis tarde, infelizmente, volverán saír.

O mapa de infraestruturas do Eixo Atlántico inicia un percorrido que o leva desde os despachos dos gobernos nacionais ata o do comisario Barnier, na Comisión Europea, pasando pola presidencia da Xunta de Galicia e da CCDR-N (a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal), o que o converte nun documento de referencia na planificación das infraestruturas e, por conseguinte, na ordenación do territorio para todos os gobernos implicados. Pero, ademais, convértese nun referente tamén en materia de gobernanza e de formulacións solidarias con visión de territorio por parte dos alcaldes asociados no Eixo Atlántico.



Reunión da Comisión Executiva do EA con António Guterres, o primeiro ministro de Portugal. Braga, 2001

Esta época caracterízase por un forte impulso á investigación do territorio aplicada ao desenvolvemento da eurorrexión e á planificación para o uso eficiente dos fondos europeos do período 2000-2007. Deste xeito, elabóranse os Segundos Estudos Estratéxicos, que se concretan nunha folla de ruta de grande importancia para as municipalidades: a primeira Axenda estratéxica do Eixo Atlántico, subtitulada «7 ideas para 7 anos decisivos». Dirixida polo profesor da Universidade de Vigo Luís Domínguez, reúne un extraordinario think tank con algunhas das máis respectadas personalidades da eurorrexión: Fernando González Laxe (ex-presidente da Xunta de Galicia), Arlindo Cunha, Luís Braga da Cruz e Luís Valente de Oliveira (todos ex-ministros de diferentes gobernos portugueses) configuran este think tank. O documento é debatido nun congreso que novamente reúne máis de 500 dirixentes sociais, económicos, políticos, académicos e culturais da eurorrexión, neste caso en Ourense, no ano 2005.



Manuel Cabezas (presidente do Eixo Atlántico) e Rui Rio (vicepresidente) co comisario europeo Michael Barnier. Bruxelas, 2002



Manuel Cabezas (presidente do EA) e Xoan Vázquez Mao (secretario xeral) coa vicepresidenta da Comisión Europea Loyola de Palacio. Bruxelas, 2001



Samuele Furfari, conselleiro do director xeral de Enerxía da DX de Enerxía da Comisión Europea no Seminario de Enerxía RETALER.
Viana do Castelo, 2010



Veronica Gaffey, comisionada da comisaria da DX Rexio da Comisión Europea na súa visita á comisaría conxunta España-Portugal, en Tui/Valença do Minho, para a avaliación do impacto da cooperación no territorio, organizada polo Eixo Atlántico. Tui, 2015



Asemblea Xeral 2015, A Coruña



Asemblea Xeral 2018, Maia

Outro elemento de grande importancia na historia da eurorrexión é a elaboración conxunta, en rede, da Axenda 21 por parte dos municipios do Eixo en colaboración coa CCDR-N e coa Xunta de Galicia. É un proceso longo e complicado, pero moi innovador, e que cambia o concepto medioambiental nas cidades asociadas, introducindo o concepto da sostibilidade como unha visión máis ampla e estratéxica. Innovador porque, unha vez máis por primeira vez en Europa, se desenvolve un proceso de elaboración e implementación da Axenda 21 en rede e con carácter transfronteirizo. Pero tamén porque se aplica un modelo orientado á planificación urbanística, á planificación estratéxica e ao desenvolvemento de instrumentos clave como os plans de mobilidade sostible. Froito deste proceso nace a Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico (Eixoecologia), que continúa desenvolvendo servizos de consultoría ambiental para os municipios asociados.

Os cambios políticos que se producen en ambos os países obrigan a retomar constantemente a defensa da comunicación ferroviaria. Son anos de constantes cambios no mundo. O 11-S, o ataque ás Torres Xemelgas de Nova York e ao Pentágono en 2001 e as súas consecuencias inmediatas (a segunda guerra do Golfo, Iraq e Afganistán) cambian o mundo e a xeopolítica tal e como a coñecéramos. A entrada en vigor do euro reforza o concepto político de Europa, coincidindo coa entrada no novo século. O atentado terrorista de carácter xihadista que asola Madrid en 2004 inaugura unha nova época de atentados indiscriminados contra a poboación civil que alterarán radicalmente os esquemas de seguridade internos en Europa, poñendo en risco os avances realizados en materia de libre circulación no marco de Schengen.

Outro grave problema leva tempo latexando e está próximo a estoupar: mentres o Eixo Atlántico prepara as súas cidades para un futuro pluscuamperfecto, fomentando a innovación, a cultura, o desenvolvemento rexional e local, a política urbana, a sostibilidade e a investigación, como elementos dun desenvolvemento local e urbano, harmónico e solidario, unha brutal crise económica cuxa orixe se sitúa nas políticas de desregularización económica impulsadas por Reagan nos distantes anos 90, e que leva máis de 25 anos latente baixo terra, empeza a aflorar, ata precipitarse nun estalido brutal que afunde o primeiro mundo na súa maior crise desde o crack do 29 no século pasado.




Asemblea Xeral 2017, Lugo

España e Portugal, en primeira liña do tsunami, son dous dos países máis afectados e que se ven obrigados a tomar as medidas máis drásticas, recortando de forma radical o seu orzamento público. As primeiras vítimas da crise son as políticas sociais e os concellos. Ante esta situación, sen apenas marxe de tempo de resposta, o Eixo Atlántico debe reorientar toda a súa estratexia, adaptarse a unha economía de guerra e centrarse na saída da crise, tanto no tocante ás cidades como á eurorrexión, e en crear cortalumes, é dicir, mecanismos que reforcen as cidades para previr situacións análogas no futuro. A fórmula máxica é precisamente o traballo en rede e a cooperación: xuntos para sermos máis fortes.

A parte positiva é que a crise permite testar a fortaleza estrutural do Eixo Atlántico, que —en medio dun tsunami que leva por diante boa parte das estruturas de arquitectura estratéxica existentes— non só sobrevive, senón que se adapta á nova situación, e mesmo medra en número de membros, sen renunciar ao seu ADN: as políticas sociais, culturais, deportivas e a investigación aplicada sobre o territorio.

O Eixo Atlántico sobrevive á crise, mais aproveita os momentos duros para reflexionar, aprender dos erros cometidos e reinventarse para adecuarse a unha Europa distinta daquela que impulsou o seu nacemento, a un mundo distinto daquel en que desenvolveu a súa infancia e a un futuro que xa se converteu de golpe no presente. Por explicalo dunha forma gráfica, debemos acudir a aquel graffiti que alguén debuxou nunha parede de Bogotá e que deu a coñecer o gran poeta uruguaio Mario Benedetti: «Agora que sabiamos as respostas, cámbiannos as preguntas».

A primeira táctica é favorecer a ampliación. Moitas cidades medraron durante a crise e convertéronse en membros do sistema urbano. Canto máis dura é a tormenta, máis barcos buscan o acubillo do porto seguro. E así, as cidades emerxentes buscan a cobertura do Eixo para protexérense e reforzárense nun novo medio ao que están a acceder en medio da crise. A ampliación do Eixo péchase con 39 asociados, o que significa que en 15 anos duplicou o seu número de integrantes desde os 13 iniciais. O proxecto é cada vez máis sólido e viable.




Asemblea Xeral 2019, O Barco de Valdeorras



O presidente do EA, Xosé Antonio Sánchez Bugallo, co comisario europeo Johannes Hans. Bruxelas, 2010

Pero tamén cómpre cambiar os conceptos. Xa non podemos falar de infraestruturas, senón de transportes. E non podemos falar de transportes sen falarmos de política marítima. Como non podemos falar de turismo sen falarmos de sostibilidade, de conservación do patrimonio e da natureza e, por suposto, de cultura. Nin de progreso sen emprego, nin de emprego sen competitividade, nin de competitividade e crecemento sen I+D e sen innovación.

Esta é a nova ecuación poscrise, e nela púxose a traballar o Eixo Atlántico en canto comprobamos a dimensión e as consecuencias desa crise. Porque da crise pódese saír, pero só cando es o máis forte. E o sistema urbano do Eixo Atlántico tiña condicións e vontade de ser o máis forte. Co reforzo que en todos os ámbitos supuxo a ampliación, o Eixo Atlántico acometeu unha tripla estratexia.

Dunha banda, o reforzo interior sobre a base dunhas ideas forza moi concretas:

1. As conexións ferroviarias tanto de pasaxeiros como de mercancías.

2. O pulo ao Camiño Portugués de Santiago.

3. O pulo ao que constitúe o noso ADN colectivo e que reforza a xeración de masa crítica, auténtica columna vertebral da cooperación e do desenvolvemento económico: a cultura, o deporte, a educación e a formación seguen constituíndo o 50 % da programación do Eixo.

4. A mellora das condicións de vida das poboacións de fronteira, impulsando a creación de recursos conxuntos de saúde ou a coordinación dos existentes para evitar o seu peche por falta de recursos e de poboación. O establecemento de transporte interurbano transfronteirizo ou a creación de estruturas conxuntas de seguridade. Para desenvolver estas políticas créase unha estrutura que busca servir de laboratorio para todo o territorio. E así nace, no seo do Eixo Atlántico, a eurocidade Chaves-Verín, que é xa un referente en toda Europa, recoñecida pola Comisión Europea co premio REGIO AWARDS, outorgado en 2015.

É tamén neste contexto no que o Eixo Atlántico promove unha campaña a nivel europeo, en colaboración coas organizacións de consumidores española (OCU) e portuguesa (DECO), á que se suman máis de 10 países nunha primeira fase e que recolle máis de 117 000 sinaturas nun mes na plataforma Change.org, en apoio da posición do Parlamento Europeo e da Comisión Europea para a desaparición do roaming telefónico, á que, incomprensiblemente, se opón o Consello, máis preocupado polos intereses das operadoras que polos da cidadanía. A campaña finaliza ao asinarse o acordo polo que se lle pon data de caducidade ao roaming en Europa, en xuño de 2017 e, xa que logo, conséguese unha vitoria histórica de dimensión europea.




Cartel da campaña europea Zero Roaming, posta en marcha polo Eixo Atlántico en colaboración coas principais asociacións de consumidores de Europa. 2015



Primeiro programa de radio conxunto entre unha emisora galega e outra portuguesa. (Ser de Vigo e Rádio Clube do Minho de Braga). Guimarães, 2009

Para poder levar a cabo todas estas accións, traballase na creación e vertebración de redes europeas. O traballo comeza coa imprescindible organización da fronteira hispano-portuguesa, onde existían numerosas organizacións que traballaban de forma descoordinada. En 2009 o Eixo Atlántico convoca en Guimarães a Primeira Conferencia da Fronteira Ibérica, á que asisten máis de 200 persoas de todas as organizacións que traballan nos territorios de fronteira, e que nin sequera se coñecen entre si. O encontro é presidido conxuntamente polo ministro portugués Nunes Correia e a ministra española Elena Salgado. Como resultado desta conferencia nace a RIET (Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas) que, máis dunha década despois, continúa representando os intereses das poboacións de fronteira desde a tripla vertente dos seus socios: redes de cidades, universidades e organizacións empresariais.

Unha vez constituída a RIET, avánzase na creación de estruturas europeas que lles permitan ás redes de cooperación falar cunha voz única en Bruxelas e defender os intereses das cidades e da cidadanía que vive en territorios de fronteira. Transportes, política rexional e, sobre todo, mercado interior son os ámbitos prioritarios de diálogo en Bruxelas. En 2010 créase en Santiago de Compostela a Conferencia Europea de Redes de Cidades Transfronteirizas e Interrexionais, cuxo primeiro presidente é Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago e presidente do Eixo Atlántico. Bugallo inicia unha intensa rolda de contactos en Bruxelas para situar o lobby de fronteira dentro da discusión dos novos fondos comunitarios, o que se consegue con éxito ao seren os fondos de cooperación dos poucos que non sofren recortes no orzamento comunitario. Tamén experimenta un novo impulso coa convocatoria do Primeiro Congreso Europeo de Fronteiras, que ten lugar na Coruña en 2012 e que inaugura por videoconferencia o presidente da Comisión Europea, Durão Barroso. A presidencia da Conferencia das Cidades do Arco Atlántico, asumida primeiro por Sánchez Bugallo, posteriormente por Carlos Negreira e actualmente por José Maria Costa, ou a presidencia da delegación portuguesa no Comité das Rexións, que ostenta así mesmo José Maria Costa, marcou unha década de liderado de dirixentes do Eixo Atlántico nas estruturas europeas, algo que nunca antes acontecera e que permitiu un intercambio privilexiado coas institucións europeas; mais tamén permitiu constatar o éxito da estratexia deseñada polo Eixo Atlántico.



Acto en Bruxelas do EA co presidente da Comisión Europea, Durão Barroso, e dirixentes dos Gobernos de Portugal e Galicia. 2009




O secretario de Estado portugués Paulo Campos. Viana do Castelo, 2011



Por último, impúlsase a creación de plataformas e recursos mediáticos conxuntos. En 2006 o Eixo Atlántico promove a produción dun documental sobre a eurorrexión dirixido por Manuel Campo Vidal, presidente da Academia da Televisión en España. A serie constitúe non só un documento histórico de primeira orde, senón tamén unha auténtica enciclopedia audiovisual da eurorrexión e da cooperación. A RTP e a TVG emiten os capítulos que constitúen a serie documental, tanto nas cadeas nacionais como nas internacionais, e espertan un grande interese nos países latinoamericanos.

Entrevista da BBC ao secretario xeral do Eixo Atlántico polas peaxes nas SCUT. Porto, 2012



Os Reis de España e o presidente da República de Portugal presiden a clausura da Asemblea Xeral do Eixo Atlántico. A Coruña, 2015.



Foto de familia dos alcaldes do Eixo Atlántico cos Reis de España, o presidente da República de Portugal, o presidente da Xunta de Galicia e membros dos Gobernos de España e Portugal. A Coruña, 2015.


EIXO ATLÂNTICO
DO NOROESTE PENINSULAR
Clausura da XXIII
da XXIII



O presidente da Xunta de Galicia (Alberto Núñez Feijoo) e o secretario xeral do Eixo Atlántico (Xoan V. Mao) co presidente da Comisión Europea Durão Barroso. Bruxelas, 2009

En 2009 o segundo Goberno de José Sócrates, xa inmerso nunha crise que non acaba de recoñecer, igual que o seu homólogo español José Luis Rodríguez Zapatero, vese obrigado a implantar peaxes nas denominadas SCUT (autovías sen custo para o usuario), que funcionaban de balde mediante o denominado peaxe en sombra. O sistema de pago que deseña o daquela secretario de Estado de Obras Públicas, Paulo Campos, é tan desafortunado e complexo que provoca a fuxida do turismo español, non polo feito de ter que pagar a peaxe, senón pola imposibilidade material de facelo. O impacto no Norte de Portugal, primeiro territorio onde se implanta a medida, é brutal: unha caída do 40 % do sector servizos no primeiro ano de implantación da medida. O Eixo Atlántico, a instancias do alcalde de Viana de Castelo, que lidera a oposición á medida, asume o liderado do movemento de oposición, ao que se suman as organizacións empresariais, a Xunta de Galicia, e mesmo a CCDR-N, dentro das limitacións que supón a súa dependencia orgánica do goberno que implantou a medida. Dous anos despois, o Goberno portugués acepta a proposta do Eixo Atlántico para aplicar a Directiva europea sobre a interoperabilidade de sistemas de pago de peaxes, que ningún país europeo aplicara na década transcorrida desde a súa aprobación. E así se verifica no Cume Ibérico, co que se soluciona o problema das peaxes e este pasa a ser o primeiro territorio europeo que implanta a devandita interoperabilidade.




X. VÁZQUEZ MAO
J. PALMA ANDRÉS
R. BALEIRAS
A. T. LEHMAN
Regions and cities



O presidente, o vicepresidente e o secretario xeral do Eixo Atlántico (Ricardo Rio, Alfredo García e Xoan Vázquez Mao, respectivamente) recibidos en Lisboa polo presidente da República, Marcelo Revelo de Sousa. 2016.

Esta batalla nunca sería gañada sen a estreita e permanente implicación dos medios de comunicación. Se un país non se constrúe sen medios de comunicación libres, unha eurorrexión non se estruturará socialmente ata que non existan mecanismos para termos acceso á mesma información, libre e veraz, eliminando o último efecto fronteira. En consecuencia, deséñase unha estratexia de comunicación tendente a normalizar a información en toda a eurorrexión, ampliando o que ata o momento era exclusivamente o eixe fundacional Vigo-Porto. Así se inicia un proceso de formación e información dos xornalistas que desenvolven o seu labor neste eido, levado a cabo en colaboración coa Comisión Europea e co Parlamento Europeo. Asemade, ponse en marcha o primeiro programa de radio e televisión transfronteirizo, inicialmente con Localia Vigo/Radio Vigo e Minho TV e, actualmente, con Televigo, Radio Vigo e Antena Minho de Braga, como resultado da experiencia piloto desenvolvida no congreso da fronteira ao que nos referiamos antes.

Coas guías de turismo da eurorrexión, que edita o Eixo Atlántico, desenvólvese unha campaña de difusión que en 2016 permitiu distribuír 45 000 exemplares nun día, en colaboración con 7 grupos mediáticos.

E así chegamos ao 25 aniversario, co acto que representa un punto de inflexión na vida do Eixo Atlántico, e tamén da cooperación: en 2015, ano en que se conmemoraron os 25 anos da cooperación en Europa desde que se creou o primeiro programa Interreg, os xefes de Estado dos dous países, o rei Felipe VI e o presidente Cavaco Silva, presiden conxuntamente a Asemblea Xeral do Eixo Atlántico, na Coruña, e entregan as Medallas de Ouro da entidade. Por primeira vez na historia das fronteiras europeas, dous xefes dos respectivos Estados presiden conxuntamente un acto de cooperación transfronteiriza.

É neste marco no que se encadra o futuro inmediato do Eixo Atlántico, que en 2017 debateu cos seus membros e coa sociedade da eurorrexión un novo documento estratéxico que recolle as políticas que se pretende desenvolver durante a próxima década para reforzar o desenvolvemento local, a democracia a través da gobernanza e da transparencia e o fortalecemento da sociedade civil e das súas institucións de proximidade, as municipalidades, para previr situacións como as vividas nos seis anos precedentes: a Axenda Urbana do Eixo Atlántico, primeira axenda urbana transfronteiriza europea.

Primeira axenda urbana transfronteiriza europea, axenda urbana que continuou o seu desenvolvemento a través de documentos coma o Plan de mobilidade urbana sostible realizado no ano 2019, o Plan de sostibilidade urbana ou o Mapa de cohesión elaborados no ano 2020, ou a transferencia da Axenda urbana a países de fóra da Unión Europea no contexto dun proceso de internacionalización do que falamos noutros capítulos desta publicación.

Non obstante, xa nada volverá ser igual despois da pandemia que estalou a principios do 2020 e que nos condicionou durante este ano e o 2021. Unha situación non prevista que afecta ás cidades e ás súas estruturas, pero á que demostramos estar en condicións de dar resposta na medida das nosas posibilidades, precisamente grazas a acometer o proceso de elaboración da axenda urbana. Así, no 2020, unha vez finalizado o confinamento domiciliario, o Eixo Atlántico lanza unha iniciativa pioneira: a Conferencia de alcaldes de Pontevedra, na que se xunta nun contexto físico de máxima seguridade aos alcaldes das cidades do Eixo Atlántico xunto cun grupo de expertos de alto nivel, nunha conferencia na que se analizan as estratexias e medidas que se desenvolverán non só para saír da crise provocada pola pandemia, senón tamén para construír cidades resilientes ante futuras crises. Así chegamos a este ano 2022, no que o Eixo Atlántico cumpre 30 anos como sistema urbano transfronteirizo organizado, e é o único que existe como tal na Unión Europea. Esta conmemoración tamén marca o punto de inflexión na transformación da estratexia do Eixo Atlántico, que asume unha nova función como consecuencia do desenvolvemento da axenda urbana: a transición do antigo modelo de cooperación ao novo concepto de desenvolvemento local conxunto.




Intervención do secretario xeral do EA no Seminario Internacional Interreg. Espazo Atlántico. Poitiers (Francia), 2004



O primeiro ministro de Portugal, António Costa, en Braga para presidir o congreso que conmemorou os 25 anos do Eixo Atlántico. 2017




Conferencia de alcaldes Pontevedra, 2020

# Fitos de refencia

Na súa faceta de lobby, o Eixo Atlántico converteuse na voz da eurorrexión e na institución de referencia na defensa dos seus intereses comúns. Isto visualizouse claramente en conflitos como os xerados polas peaxes en Portugal, polo intento de desaparición da conexión ferroviaria entre O Porto e Vigo, ou simplemente na defensa das redes ferroviarias de mercancías, nas infraestruturas, nos investimentos públicos ou nas políticas europeas e na subseguinte adscrición de fondos para financialas.

# Redes

No ano 2009, o Eixo Atlántico convoca a primeira conferencia da fronteira hispanoportuguesa, que se celebra en Guimarães. Por primeira vez, as organizacións existentes e as entidades que están procurando asociarse para cooperar, atópanse cara a cara, coñécense e comparten ideas. Nese mesmo ano, créase a RIET, Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas, unha rede integrada por asociacións de concellos, eurocidades, redes de universidades e entidades empresariais de toda a fronteira lusoespañola.

No ámbito europeo, o Eixo Atlántico impulsa a creación da EUROMOT e, posteriormente, da CECICN, redes europeas de entidades de cooperación transfronteirizas e territoriais. Porén, a nivel europeo aínda existen barreiras máis fortes por derrubar, especialmente aquelas derivadas de modelos administrativos e culturais moi diferentes.

Ningún dos dous proxectos se consolidou, a pesar de que a CECICN chegou a celebrar o primeiro congreso europeo de fronteiras na Coruña en 2012 e a editar unha publicación coas reflexións e contribucións dos participantes, procedentes de todas as fronteiras de Europa. Actualmente, a rede C4C constitúe unha plataforma sureuropea (Cidades Atlánticas, Foro Adriático e Xónico, Eixo Atlántico e as Cidades do Mediterráneo ou Med Cities) para desenvolver proxectos conxuntos e defender os intereses das fronteiras do sur de Europa ante a Comisión Europea.

# Riet:



Área territorial que abrangue a RIET




Rolda de prensa da ministra española Elena Salgado e do ministro portugués Nunes Correia no congreso sobre «Cooperación de 2.ª Xeración». Guimarães, 2009



Constitución da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET). Cáceres, 2009.

## Asambleas RIET




Fundão, 2018




Cáceres, 2019




O secretario de Estado de Política Territorial, José Ignacio Sánchez Amor, intervén na Asemblea Xeral da RIET. Cáceres, 2019




Secretario xeral do EA e presidente de City Twins co ex-primeiro ministro de Francia, Pierre Mauroy, na sinatura do acordo constitutivo de Euromot. Lille (Francia), 2008

## CONSTITUCIÓN DA CECICN. SANTIAGO DE COMPOSTELA 2010.




## PRESENTACIÓN DA CECICN. BRUXELAS 2010.




Mercedes Bresso, presidenta do Comité das Rexións, co presidente do EA, Xosé Antonio Sánchez Bugallo. Bruxelas, 2010

# Redes Europeas

WEAVING THE FUTURE

## PRIMEIRO CONGRESO EUROPEO DE FRONTEIRAS, A CORUÑA, 2012






## REDE ACTUAL C4C DAS ENTIDADES DE COOPERACIÓN DO SUR DE EUROPA

C4C



## ACTUALIDADE C4C



Reunión coa comisaria europea de Política Rexional, Corina Cretu. Bruxelas, 2018



# Infraestructuras

## Viarias

A culminación da autoestrada O Porto-Vigo foi non só o primeiro logro do Eixo Atlántico, senón o primeiro gran fito da eurorrexión e a primeira obra estruturante compartida. Galicia rematara a autovía ata Tui e estaba en curso a finalización do tramo de peaxe entre O Porriño e Tui. Para chegar desde o norte de Galicia había que cruzar Vigo. Pola súa parte, a autoestrada portuguesa finalizaba en Paredes de Coura, a uns 20 quilómetros da fronteira mais no medio do monte, o que resultaba pouco operativo. Nunha acción coordinada no tempo, Fernando Gomes consegue darlle o pulo definitivo ao tramo que faltaba coa escusa da Eurocopa de Seleccións en Portugal. En 1998, os presidentes Guterres e Aznar inauguran a conexión en Valença. A circunvalación de Vigo, que permite ir desde Ferrol ata Lisboa por autoestrada, terá que agardar ata 2005. Pero xa se pode circular por autoestrada entre Vigo e O Porto.




António Guterres e José María Aznar, presidentes de Portugal e España, na inauguración da autoestrada Vigo-O Porto. Valença do Minho, 1998



Reunión en Bragança do presidente da CM de Bragança e do secretario xeral do EA co conselleiro de Fomento de Castela e León e co presidente de Infraestruturas de Portugal (IP) para desbloquear a mellora da estrada entre Bragança e Puebla de Sanabria. 2019

# TREN. VIGO-PORTO

Neste proxecto ferroviario distínguense dúas épocas claramente diferenciadas: unha primeira durante a cal se avanza nunha liña de alta velocidade que una Braga coa fronteira, da que se chega mesmo a realizar o estudo de impacto ambiental en Portugal. Nada se avanza en España desde Vigo, se ben os diferentes gobernos van avanzando lentamente na liña do Eixo Atlántico galego, que une A Coruña con Vigo e ambas as dúas con Madrid a través de Santiago e Ourense nunha liña de alta velocidade. Pese a todo os tramos galegos ata Ourense son os únicos que felizmente entraron en servizo, comunicando a metade norte da eurorrexión cun tren cómodo, rápido e moderno.

Neste contexto, coa inmersión dos dous países na crise, coa troica condicionando a política portuguesa e con España na antesala do rescate (que finalmente consegue evitar), prodúcense dúas circunstancias que cambian a posición política do Eixo: por unha banda, a paralización dos proxectos de alta velocidade en Portugal polo seu elevado custo e a dubidosa sostibilidade en liñas con paradas cada 100 km ou menos. Pola outra, o anuncio de Comboios de Portugal (CP) de cancelar o obsoleto tren que unía os 150 km entre O Porto e Vigo en 210 minutos.




De esquerda a dereita, Manuel Rodrigues Lopes, alcalde de Valença; António Costa, primeiro ministro de Portugal; Xoan Vázquez Mao, secretario xeral do Eixo Atlántico, e Jose María Costa, alcalde de Viana do Castelo, no acto de inauguración da electrificación da liña entre Viana e Valença, 2021



O ministro de Planificación e Infraestruturas de Portugal, Pedro Marques, co secretario de Estado Guillerme Oliveira e co presidente de Infraestruturas de Portugal, Antonio Laranjo, na sinatura do primeiro contrato das obras de modernización da «linha do Minho». Viana do Castelo, 2016



Reunión de dirixentes do EA co ministro portugués de Obras Públicas, Luís Valente de Oliveira. O Porto, 2002

Esta circunstancia leva a unha formulación honesta e realista por parte do Eixo Atlántico: adíase tacticamente a reivindicación do TGV/AVE Braga-Vigo se ambos os gobernos acometen a reforma e modernización da liña do Miño, entre Nine e Vigo, para realizar a viaxe entre O Porto e Vigo nun tren moderno e competitivo, nun tempo non superior a 90 minutos. O Goberno español, pola súa parte, tería que finalizar o túnel subterráneo que cruza Vigo para construír a chamada saída sur de Vigo e permitir que a comunicación sexa entre Lisboa e A Coruña, sen cambiar de tren nin de estación. Coa prevista modernización do eixe principal ferroviario Lisboa-O Porto, e coa entrada en servizo da moderna liña A Coruña-Vigo, a conexión A Coruña-Lisboa poderá realizarse nun tempo estimado de 4 horas e media, incluídas as paradas intermedias. Desde o Eixo Atlántico convócase a todos os alcaldes do percorrido do tren, aos empresarios, á Xunta de Galicia e á CCDR-N. Todos acoden ao cume que se convoca en Viana do Castelo en 2011 e que constitúe un punto de inflexión na reivindicación dun tren moderno e eficiente que comunique as dúas partes da eurorrexión pola costa, primeiro paso ao que seguirá a modernización dos eixes ferroviarios interiores Lugo-Ourense e costa-interior das rexións portuguesas de Tras-os-Montes e Alto Douro.

Como consecuencia deste proceso, o primeiro ministro, Antonio Costa, inaugura a liña ferroviaria electrificada e a comunicación Valença-Lisboa en 2021.

Non obstante, coincidindo coa chegada do ave a Galicia xa en circulación ata Ourense desde decembro de 2021, e coa previsión de que chegue a toda Galicia a mediados do 2022, falta que o goberno español constrúa a saída sur de Vigo para poder comunicar A Coruña con Lisboa nun tempo aproximado de 4 horas. De xeito complementario, o Eixo Atlántico propuxo a ambos gobernos unha estratexia ferroviaria que se incluíu no segundo paquete de infraestruturas e se desenvolveu no Mapa Ferroviario de Galicia.



Reunión do presidente e do vicepresidente do EA (Xosé Antonio Sánchez Bugallo e António Magalhães) co ministro portugués de Transportes (Mário Lino). Lisboa, 2005



Reunión do presidente do EA (Xosé Antonio Sánchez Bugallo) coa secretaria de Estado de Transportes de Portugal (Ana Paula Vitorino). Lisboa, 2005



Reunión do presidente, do vicepresidente e do secretario xeral (José Maria Costa, Severino Rodríguez e Xoan V. Mao, respectivamente) co primeiro ministro de Portugal (Pedro Passos Coelho). Lisboa, 2012



A vicepresidenta do EA (Luísa Salgueiro) e o secretario xeral (Xoán Vázquez Mao) preséntanlle ao ministro portugués de Planificación e Infraestruturas (Pedro Marques) o segundo paquete de infraestruturas do EA. Lisboa 2019



Reunión do presidente, do vicepresidente e do secretario xeral (José Maria Costa, Severino Rodríguez e Xoan V. Mao, respectivamente) coa ministra española de Fomento (Ana Pastor). Pontevedra, 2012




Os secretarios de Estado de España (Julio Gómez-Pomar) e de Portugal (Guillerme D'Oliveira) xunto co coordinador da Rede Transeuropea de Transportes da Comisión Europea (Carlo de Grandis) e o secretario xeral do EA nun foro sobre a saída Sur de Vigo. Vigo, 2017

# TREN. CORREDOR DO ATLÁNTICO



Reunión con responsables de Transportes da Comisión Europea para defender o desenvolvemento do Corredor do Atlántico. Bruxelas, 2014



O presidente e o secretario xeral do EA (Alfredo García e Xoán Vázquez Mao) reunidos con Carlo Secchi, coordinador europeo da Rede Transeuropea de Transportes, para defenderen a inclusión de Galicia no Corredor do Atlántico. Bruxelas, 2018




O secretario xeral do EA, Xoan Vázquez Mao, intervén nunha conferencia organizada pola plataforma Lugo non Perdas o Tren en defensa das conexións ferroviarias do interior de Galicia. Lugo, 2019






Cume de entidades políticas, sociais e económicas en defensa do trazado galego do Corredor do Atlántico. O Barco de Valdeorras, 2018



Presentación do informe sobre a modernización ferroviaria da provincia de Lugo, coa participación dos responsables políticos das cidades do EA na provincia. Lugo, 2016



Reunión con sectores políticos e sociais para a conexión do porto seco de Monforte ao Corredor do Atlántico. Monforte de Lemos, 2018

# Porto seco de Monforte




Presentación de «O futuro do porto seco de Monforte». Monforte de Lemos, 2016



Reunión do Eixo Atlántico co conselleiro da Xunta de Galicia, o secretario de Estado de Infraestruturas do Goberno de España, o presidente de REFER (Rede Ferroviária Nacional) de Portugal, o presidente dos empresarios de Galicia e un alto cargo da Comisión Europea para impulsar a mellora ferroviaria do Eixo Atlántico e a súa conexión ao Corredor do Atlántico.

# Conferencia de alcaldes, Pontevedra

No mes de setembro de 2020 e despois da finalización do período de confinamento da cidadanía, tiñamos a convicción de que nada sería igual, mais non sabiamos como xestionar o día despois. A existencia da axenda urbana, e moi especialmente o seu plan de acción, constituía unha ferramenta importantísima para acometer o futuro inmediato, pero a pandemia alterara tantas cousas que era necesario reflexionar sobre como facelo. Para iso, convocouse aos expertos de alto nivel nas áreas que a pandemia evidenciara como máis importantes: a investigación, a innovación, a sostibilidade, a economía e a política social. Como consecuencia desta conferencia, identificáronse as prioridades estratéxicas para acometer a saída da crise e para crear cidades e territorios resilientes. Creáronse cinco comisións políticas correspondentes a cada unha destas prioridades, que son desde entón as que desenvolven a estratexia programática do Eixo Atlántico e das súas cidades.



Conferencia de alcaldes Pontevedra, 2020.



De esquerda a dereita: Ricardo Rio (presidente do Eixo Atlántico), Lara Méndez (vicepresidenta) e Xoan V. Mao (secretario xeral) comparecen ante os medios tras a reunión. Pontevedra, 2020

# Peaxes nas Scuts

Unha das batallas máis absurdas que tivo que liderar o Eixo, e se cadra con maior repercusión mediática, foi a relativa ao problema das chamadas SCUT. Co rescate, o Goberno portugués impulsou unha serie de medidas impopulares e nalgúns casos conflitivas. A máis polémica foi probablemente a de implantar a peaxe nas autovías gratuítas, denominadas SCUT (sen custo para o usuario). En termos portugueses, o cobro de peaxes alteraba substancialmente o esquema socioeconómico de boa parte da cidadanía que vivía nun raio de 70 km arredor do Porto e se desprazaba diariamente ao seu traballo nesta cidade sen pagar peaxe. Pero en termos de eurorrexión, o problema agravábase ante a imposibilidade para os españois de pagar a peaxe por causa do complicadísimo e absurdo sistema que ideou o secretario de Estado de Transportes. O turismo español, especialmente o galego pola frecuencia e proximidade, deixou de ir a Portugal ante a imposibilidade de pagar e a ameaza das sancións por parte da GNR. O turismo caeu nun 40 % na área de Viana do Castelo, zona cero do problema, no primeiro ano de implantación do sistema.




O Eixo Atlántico, noticia no informativo nacional da Televisión de Portugal (RTP). 2010

Moitos establecementos vencellados ao sector servizos víronse abocados ao pechamento por unha decisión absurda, en medio dunha crise xeral que xa constituía unha pesada lousa.

